

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES

Exercicio 2014



COSITAL

Secretarios, Interventores y
Tesoreros de Administración Local

Colegio Oficial de A Coruña

**MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014****INDICE DE CONTIDOS****1. INTRODUCCIÓN.**

- 1.1. *Necesidade de aprobar unha Memoria Anual: a aplicación do principio de transparencia á actividade colexial.*
- 1.2. *Marco xurídico da Memoria Anual.*
- 1.3. *Período ao que se refire esta Memoria.*
- 1.4. *Contido da Memoria.*

2. INFORME DA PRESIDENCIA.

- 2.1. *Relacións de carácter institucional.*
 - 2.1.1. *Relacións ca Xunta de Galicia.*
 - 2.1.2. *Relacións ca EGAP.*
 - 2.1.3. *Relacións ca Deputación Provincial de A Coruña.*
 - 2.1.4. *Relacións con outros Colexios Territoriais.*
 - 2.1.5. *Relacións con Consello Xeral de Cosital.*
 - 2.1.6. *Outras relacións institucionais.*
- 2.2. *Actividades formativas.*
- 2.3. *Seguimento dos concursos ordinario e unitario.*
- 2.4. *Actuacións individuais de asistencia a colexiados.*
- 2.5. *Actuacións ao respecto de postos vacantes.*

3. MEMORIA DA SECRETARÍA.

- 3.1. *Variacións producidas no censo de colexiados.*
- 3.2. *Actividade desenvolta pola Xunta de Goberno.*

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (informe anual da xestión económica).

- 4.1. *Gastos de persoal.*
- 4.2. *Retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.*
- 4.3. *Contas anuais.*
 - *Balance 2013 (Anexo).*
 - *Conta de resultados 2013 (Anexo).*
 - *Estado de Execución do orzamento correspondente ao exercicio 2013 (Anexo).*

5. OUTROS ASPECTOS DE INTERESE COLEXIAL.

- 5.1. *Código Ético.*
- 5.2. *Novas condicións do seguro profesional.*

6. PLAN DE ACTUACIÓN PARA O EXERCICIO 2015.

- 6.1. *Aula de formación.*
- 6.2. *Cumprimento da normativa reguladora en materia de protección de datos.*
- 6.3. *Reformas na sede colexial.*
- 6.4. *Enquisa de satisfacción.*
- 6.5. *Renovación da páxina web.*
- 6.6. *1925-2015: conmemoración do 90 aniversario de Cosital de A Coruña.*

7. PUBLICIDADE DA MEMORIA.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

1. INTRODUCCIÓN.

▪ **1.1 Necesidade de aprobar unha Memoria Anual: a aplicación do principio de transparencia á actividade colexial.**

Tanto a norma estatal (Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais) como, en desenvolvemento desta, a autonómica (lei 11/2001, de 18 de setembro) someten ao principio de transparencia a xestión das organizacións colexiais. Unha das manifestacións desta suxeición, posiblemente a principal, concrétase na obrigatoriedade de elaborar e publicar anualmente unha memoria comprensiva da actividade desenvolta pola organización ao longo de cada exercicio.

Por aplicación do disposto no artigo 16.1.i) dos vixentes Estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da provincia de A Coruña (DOG Núm. 223 Xoves, 22 de novembro de 2012), así como no artigo 12.2.b) do Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local (BOE núm. 78 de 01 de Abril de 2011), correspóndelle á Asemblea Xeral do Colexio, entre outras atribucións, a de aprobar a Memoria correspondente ao exercicio vencido, que conterá como mínimo a información que esixe para a mesma a lexislación básica e autonómica sobre colexios profesionais, ademais da liquidación dos orzamentos e as contas de ingresos e gastos.

Para dar cumprimento de todo elo elabóranse as presentes memorias anuais de Secretaría e Intervención. Por razóns de operatividade, refúndese o contido de ambas Memorias na presente MEMORIA ANUAL; pola mesma razón, inclúense neste documento as Contas anuais correspondentes a 2013, así como outras cuestións que se consideran de

interese para o mellor coñecemento da actividade colexial ao longo do ano que agora se pecha.

▪ **1.2 Marco xurídico da Memoria anual.**

As enumeradas a continuación son as principais normas de aplicación a este asunto:

NORMATIVA REGULADORA DOS COLEXIOS PROFESIONAIS
<i>Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/l2-1974.html
<i>Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da comunidade autónoma de Galicia.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/ga-l11-2001.html
NORMATIVA REGULADORA DE COSITAL
DE CARÁCTER XERAL
<i>Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local.</i>
http://noticias.juridicas.com/base_datos/Admin/rd353-2011.html
REFERIDA AO COSITAL CORUÑA
<i>ORDE do 9 de novembro de 2012 pola que se aproban os estatutos do Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Coruña.</i>
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2012/20121122/AnuncioC3C1-151112-0007_gl.html

▪ **1.3 Período ao que se refire esta Memoria.**

O ámbito temporal da presente Memoria abrangue o segundo ano de xestión do actual equipo de goberno, que resultou escollido na Asemblea Electoral Extraordinaria celebrada en data 01.01.12, e que no referido período estivo integrada polos seguintes membros:



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

NOME		POSTO DE TRABALLO	CARGO DESEMPEÑADO
1.	María Cruz Andrade García	Secretaria Concello de Melide	Vicepresidenta
2.	Manuel Roel Hernández-Serrano	Xefe servizo de asistencia económica a municipios da Deputación de A Coruña	Interventor
3.	Marcial Rodríguez Toajas	Interventor de Lugo	Tesoureiro
4.	Rosa Ana Prada Queipo	Secretaria Concello de Ames	Secretaria
5.	Constantino Cobas Cotelo	Secretario Concello de Dumbria (A Coruña)	Secretario suplente
6.	Pilar Canzobre Méndez.	Interventora Concello de Pontedeume (A Coruña)	
7.	José Antonio Gómez Pedreira	Secretario Concello de Touro (A Coruña)	
8.	Beatriz Bouza Pico.	Xefa do Servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras do Concello de Ferrol.	
9.	Vicente Calvo del Castillo.	Interventor Concello de Santiago	
9.	Virginia Fraga Díaz.	Secretaria Concello de Teo (A Coruña)	
10.	José María Vázquez Pita.	Secretario Concello Outeiro de Rei (Lugo).	
11.	José Ramón Alonso Fernández	Secretario Xunta de Goberno Local Concello de Santiago de Compostela	
12.	José Antonio Rueda de Valenzuela	Interventor Concello de Ames (A Coruña).	Presidente

1.4 **Contido da Memoria.**

A normativa propia do Cosital nada establece ao respecto de cal haberá de ser o contido da Memoria Anual, facéndose preciso por tanto aplicar directamente o disposto a este respecto na normativa xeral -estatal e autonómica- reguladora das organización colexiais. Deste xeito, o contido mínimo da Memoria resulta ser o recollido no artigo 11 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais, e no artigo 10 ter da lei galega.

Parte das previsións incluídas nos preceptos aludidos resultan aplicables a organizacións colexiais concebidas para profesións con características moi distintas á nosa, e non serán por tanto abordadas nesta Memoria; trátase das seguintes:

- Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, no seu caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- As normas sobre incompatibilidades e as situacións de conflito de intereses en que se atopen os membros das Xuntas de Goberno.
- Información estatística sobre a actividade de visado.

2. INFORME DA PRESIDENCIA.

No período considerado, a actividade do Colexio centrouse, basicamente, en tres aspectos: 1.- Reunións institucionais coas Administracións Públicas competentes sobre o colectivo de Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e co resto de Colexios Territoriais de Galicia, 2.- Colaboración na execución de actividades formativas de interese para o colectivo, e 3.- Xestións efectuadas en resposta á situación individual dun compañeiro.

2.1 **Relacións de carácter institucional.**

2.1.1. **Relacións co Xunta de Galicia.**

Reunión co Director Xeral de Administración Local.

- Lugar de Celebración: Dirección Xeral.
- Data de celebración: 04/02/2014.
- Asistentes:

Por parte da Xunta de Galicia.

- José Alberto Pazos Couñago, Director xeral de administración local.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- *Manuel Pillado Quintáns, Director xeral da asesoría xurídica xeral da Xunta (asistiu tan só ao primeiro punto).*

En representación de Cosital.

- *Marcial Rodríguez Toajas.*
- *José A. Rueda de Valenzuela.*

ASUNTOS ABORDADOS:

- Criterios de actuación ante a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local.

Por parte do Colexio expúxose a situación de inseguridade en que nos atopábamos á hora de exercer o noso traballo tras a aprobación da lei, e a necesidade de que existise, cando menos, unha instrución interpretativa que puidese servir de referencia á hora de adoptar un criterio uniforme de actuación en todas as entidades locais.

O Director Xeral de Administración Local anunciou a Cosital que a asesoría xurídica da Xunta traballaba nese momento na elaboración dunhas instrucións de aplicación da Lei 27/2013 destinada ás distintas Consellerías, que as entidades locais poderían asumir como referencia á hora de aplicar o novo modelo competencial deseñado pola Lei.

Ao momento da celebrarse a reunión non tiña sido adoptada aínda a por parte do goberno autonómico a decisión de aprobar o que logo sería a lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

- Concurso ordinario 2014 e directrices para futuros concursos.

Trasladouse ao Director Xeral a preocupación de Cosital pola problemática que con frecuencia plantexan os baremos específicos nos concursos ordinarios, informándolle das actuacións e xestións levadas a cabo en relación ao concurso do 2014.

Solicitouse que por parte da Dirección Xeral fora ditada unha instrución que impedise aos concellos restrinxir a concorrencia no acceso aos postos reservados.

- Convenio de colaboración entre os colexios territoriais de Galicia e a Dirección Xeral de Administración Local correspondente ao exercicio 2014.

Solicitouse do Director Xeral a concreción máis pronta posible do contido do convenio -ou convenios- en que fora a materializarse a previsión de achega nominativa contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2014 (15.000 €), co fin de planificar ca antelación necesaria as tarefas que correspondese desenvolver aos colexios en execución do mesmo. Esta cuestión é ampliada no punto 2.1.5 da Memoria.

- Consello Autonómico de Cosital.

Informouse ao Director Xeral dos contactos establecidos en novembro do 2013 co resto de colexios de Galicia, ca intención de promover a constitución do Consello Autonómico, de xeito que este puidera ser unha realidade antes do remate do exercicio 2014. Intercambiáronse impresións achega das vantaxes que poden derivar desta iniciativa, especialmente no que se refire a existencia dunha canle única de comunicación entre o colectivo e as administración. Esta cuestión é ampliada no punto 2.1.5 da Memoria.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

▪ Expedientes disciplinarios.

A disposición adicional sexta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (DOG nº 102, de 30 de maio)¹, establece no seu apartado terceiro que os instrutores e os secretarios nos expedientes disciplinarios incoados polas entidades locais e a Administración xeral da Comunidade Autónoma a funcionarios e funcionarias con habilitación de carácter nacional serán nomeados preferentemente entre funcionarios e funcionarias pertencentes á mesma escala, propostos polo colexio territorial en cuxo ámbito territorial se atope a entidade local onde o funcionario ou funcionaria cometese os feitos que se lle imputan².

Con esta previsión vense atender unha vella demanda dos Colexios Territoriais de Galicia: que os disciplinarios sexan instruídos por alguén que coñeza e comprenda as funcións dos habilitados nacionais, e as circunstancias tan especiais en que se desenvolve o noso traballo.

Cómpre lembrar que, segundo establece a propia disposición adicional da lei 5/2014, *“no caso de que o colexio non remitise a proposta no prazo de quince días, os instrutores e instrutoras e os secretarios e secretarias serán nomeados entre funcionarios e funcionarias da Administración local ou da Administración autonómica”*.

¹ http://www.xunta.es/dog/Publicados/2014/20140530/AnuncioC3B0-280514-0001_es.html

² Estase a estudar a posibilidade de que esta consulta se estenda tamén a aqueles casos en que os habilitados, pese a estar colexiados en Coruña, exercen as súas funcións noutra provincia.

Como consecuencia do anterior, creouse unha LISTA PARA TOMAR PARTE NA INSTRUCIÓN E SECRETARÍA DE PROCEDIMENTOS DISCIPLINARIOS INCOADOS A FHN EXERCENTES NA PROVINCIA DE A CORUÑA, aberta á participación de todos os colexiados, ao tempo que se aprobaban as regras que regulan o seu funcionamento.

Ao momento de pechar a confección desta Memoria, a listaxe contaba cun total de 14 inscritos, se ben é previsible que pronto se vexá engrosada ca incorporación de varios compañeiros/as que teñen solicitado participar da iniciativa.

No exercicio 2014, o Colexio veuse na necesidade de prover de instrutor e secretario por razón dun único procedemento disciplinario³, se ben as dúas compañeiras que asumiron tales funcións o fixeron con carácter voluntario, sen que fose preciso recorrer ao sorteo previsto nas bases de funcionamento da listaxe.

▪ Nomeamentos accidentais e interinos.

A requirimento da Dirección Xeral de Administración Local, amosouse o parecer do Colexio ao respecto deste tipo de nomeamentos, que afectan a persoal que non forma parte da habilitación nacional.

Polo que se refire aos nomeamentos accidentais, faise remisión ao indicado no apartado 2.1.5 seguinte.

No tocante aos nomeamentos interinos, cómpre ter presente que esta é unha das fórmulas extraordinarias previstas polo vixente Real decreto 1732/94, de 29 de xullo,

³ Dous en principio, se ben o segundo deles foi arquivado antes da incoación.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. Non obstante, o feito de ser a única (aparte dos nomeamentos accidentais) que permite o exercicio de funcións reservadas por persoal non habilitado, fai que o seu emprego deba ser excepcional e, en todo caso, subsidiario.

Este carácter subsidiario e excepcional queda patente cando o Real Decreto 1732/94 establece que *“la resolución del nombramiento se efectuará por el órgano competente de la comunidad autónoma respectiva, debiendo quedar acreditado en el expediente la imposibilidad de provisión por un funcionario con habilitación de carácter nacional”*.

O recelo fronte a este tipo de nomeamentos responde, principalmente, á debilidade que se lle presume aos procedementos de selección en caso de seren asumidos pola corporación local interesada (como semella prever, ou cando menos permitir, tanto o RD 1732/94 como o novo borrador de regulamento nacional), e doutra, pola posibilidade de que o exercicio de funcións reservadas a través desta vía poda acabar representando un mérito para o acceso a algunha das subescalas.

Por todo elo, o Colexio propuxo un guión de actuación, que pretende tanto que o exercicio de funcións reservadas por parte dun interino sexa efectivamente subsidiaria respecto doutras formas de provisión⁴, como que todo o actuado para conseguilo quede suficientemente acreditado no expediente.

⁴ *Se ben a norma non confire carácter subsidiario aos nomeamentos interinos respecto dos accidentais, cómpre efectuar unha interpretación que así o determine. Neste mesmo sentido, vense pronunciar o borrador de regulamento nacional.*

2.1.2. *Relacións ca Escola Galega de Administración Pública.*

- Curso monográfico “a reforma local a debate”.

O colexio participou na programación e desenvolvemento desta acción formativa, que contou co seguinte programa:

Xoves, 24 de abril

09.00 Entrega da documentación

09.30 Inauguración

10.00 Conferencia inaugural **Transparencia administrativa e dereito a un bo goberno no ámbito local (Lei 19/2013)** José Ramón Chaves García. Maxistrado do contencioso-administrativo do TSX de Galicia.

11.15 **As facendas locais: situación actual e perspectivas. Especial atención ao caso de Galicia** Antonio López Díaz. Catedrático de Dereito Financeiro da USC. Ex conselleiro do Consello de Contas

12.30 Descanso

13.00 **Implicacións da Lei de Reforma Local sobre o control interno das entidades locais-** José Manuel Pardellas Rivera. Interventor xeral da Deputación Provincial da Coruña.

16.30 **A reestruturación do sector público local.** Gabriel Hurtado López Subdirección Xeral de Estudos e Financiación de Entidades Locais. Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

17:45 Mesa redonda: **Galicia e a reforma local**

Venres, 25 de abril

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

9.30 **A reordenación das competencias locais na Lei 27/2013.** Federico López de la Riva. Secretario xeral do Concello de Madrid.

10.45 **A incidencia da LRSAL nas estruturas do goberno local.** Tomás Font i Llovet. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Barcelona.

12.00 Descanso

12.30 **A incidencia da Lei 27/2013 sobre o réxime do emprego público Local.** Miguel Sánchez Morón. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Alcalá de Henares

13.45 **A LRSAL e a súa aplicación diferenciada nas Comunidades Autónomas.** Francisco Velasco Caballero. Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Autónoma de Madrid. Director do Instituto Universitario de Dereito Local

16.30 **O papel das deputacións na reforma da Administración Local: autonomía provincial "versus" autonomía municipal.** Juan Bautista Suárez Ramos. Interventor adxunto da Deputación Provincial da Coruña

17.45 Mesa redonda: **Consecuencias prácticas do novo modelo competencial local.**

18:30 Clausura

- Convenio de colaboración ca EGAP para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

Antes do remate do ano está prevista a sinatura dun convenio ca EGAP que permita, entre outros fins que integran o seu obxecto, a difusión e homologación das accións formativas desenvoltas polo Colexio.

- Participación no plan de formación para o persoal das entidades locais galegas.

Atendendo ao requirimento efectuado pola EGAP, no pasado mes de novembro foi remitida unha relación de propostas de formación para o vindeiro ano, que incorporou, entre outras, as propostas formuladas polos colexiados.

2.1.3. **Relacións ca Deputación Provincial de A Coruña.**

- Convenio marco.

O pasado 5 de setembro foi asinado o Convenio Marco ao que facía referencia a Memoria do pasado ano. Anticipándonos a este sinatura, e de acordo co previsto no mesmo ao respecto do ámbito da formación, o Colexio puxo a disposición da Deputación as instalacións da sede colexial.

Deste xeito, as instalacións foron ocupadas do 25 de outubro de 2013 até o 22 de outubro de 2014, co fin de impartir formación na nova aplicación contable SicalWin, posta a disposición dos Concellos de A Coruña polo ente provincial. Cada día de ocupación das instalacións reportou ao Colexio unha contía de 134,56 € (ive incluído), co que o importe percibido no 2014 ascendeu a un total de 3.1113,81 €, ao que habería que engadir o IVE correspondente.

En virtude do disposto na cláusula décimo terceira do convenio, os seus efectos veranse prorrogados no exercicio 2015, polo que se espera que os máximos beneficios para ambas partes sexa acadado a partir do vindeiro ano.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- Interposición de recurso contencioso-administrativo contra a aprobación definitiva da relación de postos de traballo da deputación provincial de a coruña para o exercicio 2014.

O día 16.12.2013, o Colexio interpuxo unha reclamación contra o a acordo de aprobación inicial do cadro de persoal e relación de postos de traballo para 2014, adoptado polo Pleno Provincial en sesión celebrada o 22/11/2013, e publicado no BOP. nº 226, de 27.11.13.

O motivo da reclamación respondía aos efectos de dita aprobación inicial sobre o posto de traballo da Xefatura de Servizo Orzamentos, Estudos e Asistencia Económica.

O pleno da Corporación Provincial, en sesión plenaria celebrada o día 20/12/2013, acordou desestimar a reclamacións presentadas, e aprobar definitivamente tanto a plantilla como a relación de postos de traballo correspondentes ao 2014. Dito acordo foi publicado no BOP nº 8, de 14/01/14.

En consecuencia, e posto que no acordo definitivo adoptado polo Pleno seguen a concorren os motivos expostos no escrito de reclamación, resolveuse a interposición dun recurso contencioso administrativo contra tal acordo.

- I Encontro entre Empresas e Concellos.

O Colexio estivo presente no “I Encontro entre Empresas e Concellos” organizado pola Deputación Provincial e que tivo lugar os días 26, 27 e 28 de novembro en Expocoruña, presentando a ponencia que o noso compañeiro Juan B. Suárez Ramos impartiu o día de inauguración do evento.

2.1.4. *Relacións con outros Colexios Territoriais.*

Ao longo do ano 2014 mantivéronse diversos contactos cos restantes Colexios territoriais de Galicia, ao respecto dos seguintes asuntos:

- Proposta ao respecto dos nomeamentos accidentais en caso de vacante, ou negativa do habilitado a emitir informe de idoneidade.

Formulada pola Dirección Xeral consulta aos catro Cosital de Galicia ao respecto desta cuestión, propúxose para tales casos o seguimento do seguinte protocolo de actuación:

Primeiro.- Á vista do carácter subsidiario desta forma de provisión respecto a outras , antes de recorrer a esta vía deberá acreditarse a imposibilidade de atender o posto por algún dos medios de provisión non definitivos nos que participa un habilitado (nomeamento provisional, comisión de servizos, acumulación, comisión circunstancial).

Segundo.- O nomeamento debe recaer na persoa proposta pola alcaldía, por presumir que un órgano da entidade local terá sempre un coñecemento da organización e da súa dinámica superiores ao de calquera instancia externa.

Terceiro.- En aplicación do artigo 54 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a proposta da alcaldía debe motivarse axeitadamente, de feito que a idoneidade do candidato resulte suficientemente fundamentada. Para elo, propónse que tal motivación aborde, cando menos, os seguintes aspectos:

- Titulación do candidato, e relación cas funcións a desempeñar.
- Posto ao que estea adscrito, así como outros aos que o estivera anteriormente.
- Experiencia previa no exercicio de funcións reservadas.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- Idoneidade (ausencia na corporación doutro candidato con iguais ou superiores condicións para o posto: titulación e/ou experiencia).

Cuarto.- Periodicamente (ca frecuencia que se determine, que se propón sexa semestral), deberá acreditarse documentalmente a subsistencia das circunstancias que motivaron o nomeamento accidental. Para elo, propúxose:

- A emisión dun informe por parte da alcaldía que veña poñer de manifesto as xestións desenvolvidas ao longo do período anterior (desde o nomeamento, ou desde o último “trámite de confirmación” deste, no seu caso) para a provisión da praza por un habilitado.
- Cando un dos colexios teña coñecemento do interese dun habilitado para ocupar o posto atendido a través dun nomeamento accidental, porao en coñecemento da Dirección Xeral, a fin de que esta se dirixa por escrito á entidade local lembrando o carácter subsidiario do nomeamento accidental, e a necesidade de que este ceda ante a existencia dun candidato habilitado.
- Reformas da normativa autonómica.

Formuláronse alegacións conxuntas ao proxecto de Decreto sobre o exercicio das competencias da comunidade autónoma de Galicia respecto dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

- Proposta relativa á introdución dun sistema de control previo nos procedementos de provisión de postos de traballo mediante concurso ordinario.

Ante a problemática que adoita plantexar o concurso específico, os Cosital de Galicia plantexaron un procedemento baseado no previsto no artigo 27.4 do Decreto 49/2009, sobre exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos

funcionarios con habilitación de carácter estatal, que determina que cando a Comunidade Autónoma galega considere que os baremos de méritos específicos non son conformes cos principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade consagradas poderá requirir ou impugnar o acordo aprobatorio destes nos termos do artigo 65 da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigo 217 da Lei 5/1997, de 22 de xullo. Esta última previsión a data de hoxe non se exercitou pola Xunta de Galicia.

Neste marco, propúxose a articulación dun control previo que debería canalizarse a través da introdución dun informe de legalidade das bases que se emita previo pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia con carácter previo á aprobación destas e da audiencia dos Colexios de habilitados.

- Consello autonómico de Cosital.

Despois dos intentos do pasado mes de novembro de 2013, desde o Cosital de A Coruña reiterouse en varias ocasións aos restantes colexios a necesidade de dar inicio aos traballos de creacións do Consello Autonómico. Non obstante, no exercicio 2014 non se ten experimentado avance algún neste ámbito.

- Convenio subvencionador ca Xunta de Galicia.

Ate o pasado exercicio, o Cosital de A Coruña veu asinando ca Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un convenio mediante o cal se articulaba unha aportación anual de 15.000 €, que representaba unha das principais fontes de financiamento do Colexio. En contraprestación, o Cosital redactou varios estudos sobre diversos asuntos de interese local, de acordo co indicado en cada caso no convenio.

Neste exercicio, e por vez primeira, a relación derivada do Convenio pasa a revestir un carácter subvencionador puro, e a ter como destinatarios aos catro Cosital de Galicia, deixando a Xunta ao criterio (conxunto) de todos eles os criterios a aplicar para o reparto da contía total consignada.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

Co fin de buscar un criterio común entre os castro colexios galegos, no mes de xullo deu inicio unha rolda de contactos entre os mesmos. O Cosital de A Coruña plantexou desde un principio a postura que considerou máis obxectiva: distribuír o importe en función do número de Colexiados que integrasen cada un dos colexio a data 01.01.14⁵.

Ante a imposibilidade de chegar a un acordo, e tras comunicarllo aos restantes colexios, o Cosital de A Coruña presentou unha solicitude individual ante a Dirección Xeral, de xeito que se espera que antes do quince de decembro sexa asinado o Convenio de colaboración, que segundo se ten adiantado implicará a percepción dunha achega que responde ao seguinte detalle:

TOTAL GASTOS DE PERSOAL	11.288,11€
Achega concedida	8.466,08€
Coefficiente de financiamento	75%

2.1.5. Relacións co Consello Xeral de Cosital

- Asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria de Sevilla.

Os representantes do Cosital Coruña⁶ asistiron á Asemblea Xeral Ordinaria celebrada en Sevilla o 29.03.14, que contou cas seguinte orde do día:

1. Aprobación, si procede, da Acta da Asamblea Xeral celebrada con data 16 de marzo de 2013.
2. Aprobación da Memoria Anual do conxunto da organización colexial.

⁵ Por ser esta a data á que se refire a certificación que todos os Cosital de España remiten ao Consello Xeral para o cálculo por parte deste das cotas ordinarias que corresponde abonar a cada colexio territorial.

⁶ A excepción de Manuel Roel Hernández Serrano e Rosa Ana Prada Queipo, que desculpáron a súa ausencia, delegando o seu voto en José Antonio Rueda de Valenzuela.

3. Aprobación das contas anuais e liquidación do orzamento pechados a 31 de decembr de 2013.
4. Aprobación do proxecto de Orzamento do Consello Xeral para o exercicio 2014.
5. Resolución en relación co desenvolvemento regulamentario do réxime xurídico regulador da Escala tras a aprobación da Lei de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
6. Declaración sobre o anteproxecto de Lei de Servizos e Colexios Profesionais.
7. Declaración sobre a reforma da Lei del Rexistro Civil.
8. Informaci3ns da Presidencia e da Comisi3n Executiva.
9. Rogos e preguntas.

F3ra da orde do d3a foron tratados os seguintes asuntos:

1. Acordo urxente en relaci3n coa nota interpretativa da lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalizaci3n e sustentabilidade da administraci3n local. Previamente á aprobaci3n do regulamento. Consecuencias da nota informativa.
 2. Acordo urxente sobre as obrigas de remisi3n d informaci3n econ3mico-financiera ao MINHAP.
- Xunta de representaci3n auton3mica.

O artigo 30 dos Estatutos Xerais de Cosital establecen que a Xunta de Representaci3n Auton3mica 3 presidida polo Presidente do Consello Xeral, estando integrada por todos os Presidentes dos Consellos Auton3micos.

Ao non estar constitu3do o Consello Auton3mico de Galicia, foi preciso facer uso da previsi3n contida na Disposici3n transitoria quinta do Real Decreto 353/2011, de 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos xerais da Organizaci3n Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administraci3n Local, respecto diso das designaci3ns provisionais na Xunta:

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

“1. Naquelas comunidades autónomas en que os Consellos Autonómicos aínda non se constituíron, os Colexios Territoriais existentes nas mesmas acordarán de forma conxunta a designación dunha representación provisional para a Xunta de Representación Autonómica do Consello Xeral, nomeamento que haberá de recaer en quen ostente algunha das Presidencias dos Colexios Territoriais que formen parte da Asemblea do Consello.

Poderán conservar a súa vixencia aquelas designacións existentes á entrada en vigor dos presentes Estatutos xerais que formen parte da Asemblea do Consello.

2. No caso das comunidades autónomas uniprovinciais dita representación recaerá en quen exerza a Presidencia do Colexio Territorial respectivo”.

Así, e segundo acordo adoptado no ano 2013, a representación dos Cosital de Galicia corresponderá de xeito sucesivo a cada un dos Presidentes.

A Xunta de Representación Autonómica celebrou dúas sesións ao longo do 2014: o 28 de marzo, e o 25 de xullo, nas que a representación de Galicia correspondeu, respectivamente, aos Cosital de A Coruña e Ourense.

20.03.14 (Sevilla). A sesión tivo lugar a véspera da Asemblea, na sede do Colexio Territorial de Sevilla, e contou ca seguinte orde do día:

1. Aprobación da acta da sesión anterior, celebrada con data 14.09.2013.
2. Estratexia común da organización colexial en relación co desenvolvemento regulamentario da regulación da Escala recollida tras a aprobación da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.
3. Estratexia común da organización colexial en relación coa consideración xurídica de Colexio Profesional recollida no Anteproxecto de Lei de Colexios Profesionais.
4. Estratexia común da organización colexial en relación coa reforma da Lei do Rexistro Civil.

5. Estratexia común da organización colexial en relación coa subministración de información ao MINHAP.
6. Estratexia común da organización colexial en relación con determinadas interpretacións da nota informativa emitida polo MINHAP respecto da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local que afectan aos dereitos e intereses do colectivo.
7. Exposición polos Presidentes dos Consellos Autonómicos da situación do colectivo e iniciativas que lle afectan nas diferentes Comunidades Autónomas e coordinación de accións.

25.07.14 (Madrid). A sesión tivo lugar na sede do Consello Xeral, na rúa Carretas nº 14. Os asuntos incluídos na orde do día foron os seguintes:

1. Solicitud de equivalencia automática das licenciaturas, enxeñarías superiores e os arquitectos a nivel cualificacións eqf- nivel de máster.
2. Proxecto de lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
3. Novo modelo organizativo e de levanza do rexistro civil. Instrución de expedientes de matrimonio civil.
4. Desenvolvemento do réxime xurídico sital
5. Desenvolvemento regulamentario da Irsal sobre control interno. Información a subministrar polas eell
6. Anteproxecto de lei de servizos profesionais
7. Oferta de emprego estatal e normativa sobre convocatorias e temarios para a selección dos funcionarios de administración local con habilitación nacional.

▪ Débeda do Cosital Coruña co Consello Xeral.

A pesar de que nos últimos exercicios o Colexio ten reducido de xeito moi apreciable a débeda que mantén co Consello Xeral por razón das cotas ordinarias, ao momento de

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

redactar esta Memoria dita débeda seguía a ascender a 9.921,34 €, de acordo co seguinte detalle:

- Cota correspondente ao exercicio 2013: 4.415,14 €
- Cota correspondente ao exercicio 2014: 5.506,20 €

Antes do remate do ano está previsto o pagamento do importe correspondente ao exercicio 2013, mentres que o do 2014 será abonado tan pronto como as disposición de tesourería o permitan, dentro xa do ano 2015, e a ser posible antes de que o Consello Xeral remita a liquidación dese ano.

Cómpre lembrar que, de acordo co previsto no artigo 33 dos Estatutos Xerais da Organización Colexial, desde o exercicio 2014 a achega dos Colexios Territoriais ao Consello Xeral é do 20% das cotas mínimas que deban satisfacer os colexiados de conformidade co disposto no artigo 21 destes Estatutos. É dicir, o importe que corresponde abonar por este concepto non se calcula sobre as cotas que o colexio percibe dos seus colexiados (120 €, no caso de A Coruña), senón das que como mínimo debería percibir (133,09 €). Este xeito de calcular as cotas a abonar ao Consello Xeral comezou a aplicarse o 1 de xaneiro do 2014, o que explica a diferenza existente entre as correspondentes ao 2013 e o 2014, que se incrementaron nun 24,71 %.

2.1.6. Outras relacións institucionais.

Parlamento de Galicia. O colexio formulou xunto cos restantes Cosital de Galicia alegacións á nova lei do solo ante a Comisión Parlamentaria correspondente. As alegacións foron presentadas polo Cosital de Pontevedra.

Consello de Contas. O Colexio estivo representado na reunión celebrada no Consello de Contas o día 21.05.14, e na que se abordou a iniciativa do órgano fiscalizador relativa á elaboración dun aplicativo web que permita a captura da seguinte información:

- Obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas na conta 413 “Acredores por operación pendentes de aplicar ao orzamento”.
- Reparos formulados pola Intervención, que se refiran a gastos e ingresos por importe superior a 3.000 euros e en calquera caso si se ten producido un perxuízo económico para a facenda local.
- Acordos adoptados contrarios ao informe do secretario.

As conclusións desta xuntanza foron remitidas polo Consello de Contas a todos as Entidades locais participantes, así como á Fegamp e aos catro Cosital de Galicia.

FEGAMP.- O 02.04.14 mantívose unha reunión co Presidente da Fegamp, na que se solicitou o seu apoio en relación dous asuntos:

- Os nomeamentos accidentais (naquel momento a Xunta non admitía nomeamentos a favor de funcionarios que non reunisen o requisito de titulación).
- A potenciación da oferta formativa destinada a habilitados nacionais, ante a redución experimentada nos últimos anos.

Concellos: interposición de recurso contencioso-administrativo contra a aprobación definitiva da relación de postos de traballo do Concello de Fene.

O pasado mes de febreiro o Colexio interpuxo recurso contencioso administrativo contra a aprobación definitiva da relación de postos de traballo do Concello de Fene, en atención ás circunstancias concorrentes ao respecto do posto de Tesourería.

Medios de comunicación. Inclúese aquí a participación do colexio nos seguintes foros, organizados polo xornal EL Correo Gallego, e que tiveron lugar, todos eles, en Santiago de Compostela.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- PRESENTE E FUTURO DAS FACENDAS LOCAIS (23/04/2014; Hotel AC Palacio del Carmen).
- MODERNIZACIÓN E CALIDADE NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. (30/09/2014; Hotel Monumento San Francisco).
- NOVOS RETOS E NOVAS ESIXENCIAS DE CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS (17/11/2014; Hotel Monumento San Francisco).

Do mesmo xeito, no mes de febreiro o Colexio mantivo unha xuntanza cunha xornalista do diario El País, na que se abordaron diversos aspectos relativos á situación do colectivo.

▪ **2.2** *Actividades formativas.*

Reitérase aquí o indicado ao respecto das relacións ca EGAP.

▪ **2.3** *Seguimento dos concursos ordinario e unitario.*

▪ Concurso ordinario 2014.

A requirimento de varios compañeiros colexiados, con interese nos procedementos respectivos, e seguindo o criterio acordado pola Asemblea Xeral celebrada en data 15.06.2002, interpuxéronse sendas reclamacións contra os acordos plenarios de aprobación inicial das bases específicas do concurso ordinario para a provisión dos seguintes postos:

- Concello de Mugardos: Intervención.
- Concello de O Pino: Secretaría-Intervención.

Finalmente, ambos Concellos decidiron voluntariamente non tomar parte no concurso ordinario. Previamente, o Concello de O Pino aceptara integramente a reclamación formulada polo Cosital de A Coruña.

Así mesmo, e ao exceder do noso ámbito de competencia territorial, solicitouse tanto do Colexio Territorial de Lugo como do Consello Xeral de Cosital a actuación contra o acordo de aprobación das bases da secretaría intervención dos Concellos de Pol e Pantón, remitindo en ambos casos sendo modelos de reclamación adaptados a cada un reclamantes, a fin de facilitar o trámite. Non se obtivo resposta a este requirimento, e os postos foron incluídos no concurso unitario sen ningún cambio respecto da situación advertida polo Cosital Coruña.

▪ Concurso unitario 2014.

Tense solicitado da Dirección General de Función Pública a rectificación do concurso unitario, a fin de que se incorporen ao mesmo aos seguintes postos:

- Secretaría-Intervención do Concello de Rubiá.
- Intervención do Concello de Ferrol.

En caso de non ser atendido este requirimento, será interposto o correspondente recurso de reposición.

▪ **2.4** *Actuacións individuais de asistencia a colexiados.*

Ao longo do exercicio foron atendidas diversos asuntos plantexadas por numerosos compañeiros de xeito individual, tanto a través da sede colexial, como mediante consulta directa á Presidencia, por medio de correo electrónico ou por vía telefónica, empregando para elo a liña móbil de que dispón ao Colexio a tal efecto.

As cuestións suscitadas responden a aspectos moi diversos, que poden agruparse en torno as seguintes categorías:

- Actuacións relacionadas con procedementos disciplinarios.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- Actuacións relacionadas cos concursos de provisión.
- Incidencias derivadas da tramitación de expedientes ante outras administracións.

▪ **2.5 Actuacións ao respecto dos postos vacantes.**

A solicitude tanto dos respectivos Alcaldes como da Dirección Xeral de Administración local, difundíuse entre os colexiados a necesidade de cubrir os seguintes postos reservados:

1. Secretaría do Concello de Mos.
2. Secretaría do Concello de Pontedeume.
3. Intervención do Concello de Pantón.
4. Secretaría-Intervención do Concello de Gome sende.
5. Intervención do Concello de Baltar.
6. Intervención do Concellos de Silleda.
7. Intervención do Concello de O Rosal.
8. Intervención do Concello de Muros.
9. Intervención do Concello de Cabana de Bergantiños.
10. Intervención do Concello de Foz.
11. Secretaría do Concello de Muros.

Resulta preciso reiterar aquí o indicado en apartados anteriores ao respecto dos nomeamentos provisionais e interinos.

3. MEMORIA DA SECRETARÍA.

3.1 Variacións producidas no censo de colexiados.

<i>Colexiados a 31 de decembro de 2013</i>	207
<i>Baixas no exercicio 2014</i>	1
<i>Altas no exercicio 2014.</i>	6
<i>Colexiados á data de convocatoria da asemblea xeral</i>	212

A título informativo, cómpre indicar cal era o número de colexiados ao remate dos últimos exercicios:

<i>Nº colexiados a 31/12/2012</i>	206
<i>Nº colexiados a 31/12/2011</i>	237
<i>Nº colexiados a 31/12/2010</i>	228

3.2 Actividade desenvolva pola Xunta de Goberno.

- Sesións ordinarias.

O artigo 26 dos Estatutos do Colexio establece que a Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria cada dous meses. En cumprimento desta previsión, a Xunta Ordinaria celebrada no mes de abril do 2013 acordou que as sesións ordinarias deste órgano tiveran lugar dentro das súas primeiras semanas dos meses pares.

En execución do anterior, as sesións celebradas pola Xunta de Goberno no ano 2014 tiveron lugar nas seguintes datas:

- Febreiro: 20.02.14.
- Abril: 11.04.14.
- Xuño: 10.06.14.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- Setembro: 18.09.14⁷.
- Novembro: 19.11.14⁸.

Todas as sesións ordinarias foron celebradas na sede do Colexio, na rúa Cantón Grande, nº 6, 10ªA de A Coruña, a excepción da correspondente ao mes de abril, que tivo lugar na rúa Oblatas nº 18, de Santiago de Compostela.

- Sesións extraordinarias.

A única sesión extraordinaria celebrada ao longo do ano tivo lugar o día 25.03.14, sendo o seu obxecto a toma en consideración das emendas do Colexio ao borrador de Real Decreto polo que se desenvolve o réxime xurídico da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

A sesión tivo lugar no Casino de Santiago de Compostela, na rúa do Vilar 35.

As actas das sesións están a disposición de todos os colexiados. Sen prexuízo desto, tan pronto como resulte posible, serán publicadas na zona privada da páxina web do colexio.

4. MEMORIA DA INTERVENCIÓN (Informe anual da xestión económica)

4.1 Gastos de persoal.

O Colexio conta cunha empregada, ca que mantén unha relación laboral de carácter indefinido e a media xornada.

En aplicación do disposto no artigo 31 do Convenio Colectivo de Oficinas e Despachos da Provincia de A Coruña⁹, a categoría da traballadora é a de oficial primeira, correspondéndolle un nivel profesional de 06.

O custe derivado desta contratación figura reflectido nas contas anuais, sendo o seu detalle o seguinte:

MES	SOLDO	ANTIGÜEDAD	GRATIF. EXTR. /ATRASOS	TOTAL NÓMINA	SEGURIDAD SOCIAL EMPRESA
Xaneiro	620,76 €	124,15 €		744,91 €	268,53 €
Febreiro	636,38 €	127,28 €	122,45	886,11 €	268,53 €
Marzo	636,38 €	127,28 €		763,33 €	313,14 €
Abril	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Maio	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Xuño	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Xullo	1272,76 €	254,56 €		1527,32€	275,31 €
Agosto	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Setembro	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Outubro	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Novembro	636,38 €	127,28 €		763,33 €	275,31 €
Decembro	1272,76 €	254,56 €		1527,32 €	275,31 €
	8.893,70 €	1.778,79 €	122,45 €	10.794,94 €	3.327,99 €

⁷ Correspondente ao mes de agosto, desprazada a setembro por acordo específico dos membros da Xunta.

⁸ Ídem ao anterior.

⁹ <http://www.boristenes.com/noticias/wp-content/uploads/2014/02/15001075-2012-2014-CC-Oficinas-y-Despachos.pdf>

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

4.2 *Retribucións dos membros da xunta de goberno por razón do seu cargo.*

Os membros da Xunta de Goberno non perciben retribución algunha polo exercicio do seu cargo.

Sen prexuízo disto, ao longo do exercicio foron recoñecidas indemnizacións por razón de servizo a favor tanto dos membros da Xunta de Goberno como da Asemblea do Consello Xeral, derivadas dos desprazamentos efectuados a consecuencia da celebración de sesións por parte daqueles órganos.

O abono destas indemnizacións suxeitouse ao disposto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, a excepción do que se refire ao importe da indemnización por uso de vehículo particular, que ascende a 0,35 €/km, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno en data 28/09/96. Para o cálculo dos importes a abonar considerouse en cada caso a distancia existente entre o lugar de celebración da sesión e o de residencia do perceptor.

No caso da Xunta de Goberno, as indemnizacións refírense unicamente ao uso do vehículo particular.

As contías percibidas por cada membro da Xunta de Goberno ao longo do exercicio 2014 foron as seguintes¹⁰:

¹⁰ Notas ao cadro de indemnizacións:

- Sesións ordinarias celebradas ate o 30/09/2014.
- Importes brutos.
- As localidades de referencia son as de residencia de cada un dos vogais.

Sesiones: 20-02-2014 / 25-03-2014 / 11-04-2014 (Santiago) / 10-06-2014 / 18-09-2014 / 19-11-2014								
NOMBRE	LOCALIDAD	SESIÓNS	ASIST.	KM 0,19	KM 0,16	Total	IRPF 21%*	TOTAL
Alonso Fernández	SANTIAGO	6	5	133,00 €	112,00 €	245,00 €	23,52 €	221,48 €
Andrade García	ARZUA	6	3	84,36 €	71,04 €	155,40 €	14,92 €	140,48 €
Bouza Pico	A CORUÑA	6	1	22,40 €	26,60 €	49,00 €	5,59 €	43,41 €
Calvo del Castillo	A CORUÑA	6				- €	- €	- €
Canzobre Méndez	A CORUÑA	6	1	22,40 €	26,60 €	49,00 €	5,59 €	43,41 €
Cobas Cotelo	CARBALLO	6	4	59,28 €	49,92 €	109,20 €	10,48 €	98,72 €
Fraga Díaz	TEO	6	4	105,64 €	88,96 €	194,60 €	18,68 €	175,92 €
Gómez Pedreira	SANTIAGO	6	5	133,00 €	112,00 €	245,00 €	23,52 €	221,48 €
Prada Queipo	SANTIAGO	6				- €	- €	- €
Rodríguez Toajas	LUGO	6	4	148,96 €	125,44 €	274,40 €	26,34 €	248,06 €
Roel Hernández-Serrano	A CORUÑA	6				- €	- €	- €
Rueda de Valenzuela	PONTEVEDRA	6	6	281,20 €	236,80 €	518,00 €	49,73 €	468,27 €
Vázquez Pita	A CORUÑA	6				- €	- €	- €
Totales						1.839,60 €	178,37 €	1.661,23 €

4.3 *Contas anuais.*

▪ *Exercicio corrente: orzamento 2014.*

O orzamento para o exercicio 2014 foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 14 de decembro de 2013, ascendendo a un total de 36.217,68 €, segundo detalle que se reproduce en anexo a este documento.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

- **Exercicios pechados: Balance 2013.**

De acordo co previsto no artigo 25 dos Estatutos Colexiais, corresponde á Xunta de Goberno aprobar o orzamento xeral, e render ante a Asemblea Xeral as contas anuais.

En aplicación dese precepto, o Balance do exercicio 2013 foi sometido á Xunta de Goberno ordinaria celebrada en data 10/06/2014, rendéndose á Asemblea mediante a súa incorporación a esta Memoria.

- **Exercicios pechados: Conta de resultados 2013.**

En aplicación do previsto no artigo 25 dos Estatutos, a Conta de Resultados do exercicio 2013 foi sometida á Xunta de Goberno ordinaria celebrada en data 10/06/2014, rendéndose á Asemblea mediante a súa incorporación a esta Memoria.

- **Exercicios pechados: Estado de Execución do Orzamento correspondente ao exercicio 2013.**

Xúntase como anexo a esta Memoria un estado que amosa o grao de execución do orzamento correspondente ao exercicio que agora se rende, dando cumprimento así aos Estatutos, e a fin de facilitar a comprensión do Balance e da Conta de Resultados.

- **Cotas colexiais.**

O artigo 10 ter b) Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade autónoma de Galicia, establece que a Memoria Anual fará referencia ao

importe das cotas aplicables aos conceptos e servizos de todo tipo, así como as normas para o seu cálculo e aplicación.

- **Criterios para o cálculo das cotas.**

O artigo 20 dos Estatutos Xerais de Cosital establecen que as cotas que, para o sostemento do Colexio, veñen obrigados a satisfacer os colexiados, serán de dúas clases: ordinarias e extraordinarias.

As cotas ordinarias deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral e serán, para os colexiados en exercicio, o 1%, como mínimo, do soldo anual. A estes efectos, considérase soldo anual a contía que en concepto de salario base se prevea para cada exercicio na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o Grupo A, Subgrupo A1, dos relacionados no Estatuto Básico do Emprego Público¹¹.

Por tanto, o Cosital de A Coruña está a aplicar unhas cotas ordinarias inferiores ao mínimo sinalado polos Estatutos Xerais, como logo se abordará cun maior detalle.

Salario A1 2014

13.308,60 €

Nº colexiados

212

¹¹ Soldo A1: 13.308,60 € (Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013; no mesmo sentido, o proxecto de lei de orzamentos para o exercicio 2014.

Para os colexiados que non estean en exercicio estarase para a súa determinación ao disposto en cada Estatuto particular. Quen se ache en expectativa de destino estará exentos durante o tempo que dure esta situación.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

	Actual	Mínimo Estatutos	Proxección de impacto suba da cota.
	120,00 €	133,09 €	150,00 €
Dif. respecto situación actual	- €	13,09 €	30,00 €
Impacto total s/ orzamento	25.440,00 €	28.215,08 €	31.800,00 €
Aportación consello xeral ¹²	5.643,02 €	5.643,02 €	5.643,02 €
Ingreso neto Cosital Coruña	19.796,98 €	22.572,06 €	26.156,98 €
Incremento neto	- €	2.775,08 €	6.360,00 €

5. OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE.

5.1 Código Ético.

O artigo 10 ter e) de lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Memoria Anual incluírá o contido dos seus códigos de conduta en caso de dispor dos mesmos.

O Código ético de Cosital foi aprobado na VI Asamblea SITAL, celebrada en Salamanca o 12-14 de maio de 2005.

O seu texto pode ser consultado no seguinte enlace:

¹² A aportación dos colexios territoriais ao Consejo General será do 20 % das cotas mínimas que deban satisfacer os colexiados, de conformidade co antes indicado.

http://www.cosital.es/attachments/174_Codigo%20Etico%20Cosital.pdf

5.2 Novas condicións do seguro profesional.

Ao longo do exercicio 2014 estivo vixente a póliza para a cobertura de riscos profesionais formalizada ca aseguradora AIG Europe Limited a través da intermediación de PAZ & SAN MARTIN Y ASOCIADOS Correduría de Seguros, S.A.

Tras a renovación da póliza (o pasado 11/10/14) as coberturas do contrato pasan a estenderse tamén ao pago dunha indemnización mensual no suposto de suspensión provisional para o exercicio da actividade profesional, debida non só á condena xudicial senón tamén a unha decisión administrativa, como consecuencia dunha reclamación cuberta pola póliza, e sempre que se siga un procedemento xudicial ou administrativo con motivo da actividade profesional do asegurado; e que a condena ao asegurado derive dunha sentenza xudicial firme ou resolución administrativa e sexa consecuencia dun acto ou omisión incorrecto.

Polo demais, no exercicio 2015 manteranse as restantes condicións do contrato, entre as que cabe destacar as seguintes:

OPCIÓN	PRIMAS NETAS	Límite (*)	Sublímite (*) danos a expedientes
I	100,00 €.-	750.000,00 €.-	150.000,00 €.-
II	140,00 €.-	1.500.000,00 €.-	150.000,00 €.-

(*) Límite por SINISTRO e agregado anual por ASEGURADO.

Límite agregado anual de la póliza: 6.000.000,00 €.

MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

Extensión por inhabilitación profesional: (2.500€ al mes o el importe de los ingresos medios mensuais do asegurado, cal resultara inferior, con un máximo de 12 mensualidades).

En relación a este punto, cómpre indicar que, tras a solicitude de varios compañeiros, consultouse ca empresa mediadora a posibilidade de incrementar este prazo ate os 24 meses. Non obstante, e partindo da hipótese de que as primas non experimentasen incremento, a aseguradora ofreceu elevar o prazo tan só ate os 18 meses, se ben reducindo sensiblemente o límite agregado de cobertura da póliza, motivo polo cal se desbotou esta modificación.

Defensa e asistencia legal. O asegurador abonará os gastos de defensa e gastos de investigación nos que incorra o asegurado no ámbito das coberturas da póliza, sempre que os mesmos contén co previo consentimento por escrito do asegurador ou o asegurado acuda ao despacho de avogados membro do Panel legal pre-aprobado¹³. En todo caso, está contemplada a libre designación de avogado e procurador.

Restitución de imaxe (sublímite de 50.000 €).

Extensión de cobertura a perda de documentos (sublímite 150.000 €).

Extensión de cobertura a gastos de asistencia psicolóxica (sublímite 30.000 €).

¹³ Despacho de Avogados GÓMEZ-ACEBO & POMBO.

6. PLAN DE ACTUACIÓN COLEXIAL PARA O EXERCICIO 2015.

Como novidade neste ano, a Memoria incorpora por vez primeira unha relación de propósitos para o vindeiro exercicio, que serán obxecto de seguimento e análise con ocasión da próxima edición deste documento. Esta experiencia servirá, así mesmo, para reorientar, no su caso os criterios cos que se formula este primeiro intento, e como base para efectuar unha planificación a un maior prazo.

Así, as principais accións que se pretenden poñer en marcha no seguinte ano son as seguintes:

6.1 Aula de formación.

- Formación axustada a formatos tradicionais.

No vindeiro exercicio preténdese ofrecer unha acción formativa enfocada á área de secretaría, e outra á de intervención-tesourería. Tentarase que a duración sexa a suficiente para acadar a súa homologación por parte da EGAP, a efectos de puntuación nos baremos estatal e autonómico.

- O Patio do Colexio.

Recollendo unha proposta reiterada por moitos compañeiros ao longo destes anos, os asuntos que pola controversia que xeren así o aconsellen, e que polas súas características o permitan, serán abordados en reunións de carácter aberto a celebrar na sede colexial, nas que os asistentes poidan compartir as súas impresións sobre a materia en cuestión, na busca de criterios de actuación conxunta que faciliten o traballo diario.

As accións contarán cun -ou varios- moderadores, que ordenarán o debate e buscarán a creación dun ambiente distendido que fomente a participación, fuxindo do formato habitual das accións formativas ao uso.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

A participación en todas estas actividades será libre para os Colexiados de Cosital de A Coruña, e se estudará a posibilidade de acadar acordos con outros Colexios, de xeito que poidan acceder ás mesmas compañeiros integrados nos restantes Cosital, a condición de reciprocidade.

6.2 *Cumprimento da normativa reguladora en materia de protección de datos.*

No exercicio 2014 solicitouse a empresa especializada a presentación dunha proposta para a adecuación da actuación colexial ao disposto na normativa de protección de datos (Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal e Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, principalmente).

Está previsto que tanto o traballo da asesoría da empresa, como a implantación das medidas que esta propoña, poidan desenvolverse dentro do ano 2015.

6.3 *Reformas na sede colexial.*

No exercicio 2014 foron retomadas as actuacións de mellora da sede do Colexio emprendidas o pasado ano, e que son continuación das acometidas na segunda metade da década anterior.

Estas actuacións teñen un dobre obxectivo: efectuar reparacións moi necesarias de carácter -poderíase dicir- “estrutural” e, de xeito simultáneo, actualizar o aspecto da sede, reforzando a vertente representativa que sen dúbida corresponde tamén desempeñar ás instalacións.

Así, entre as actuacións dos últimos anos cabe destacar as seguintes:

- Exercicio 2007 Renovación integral dos pavimentos da sede.

- Exercicio 2013.- Renovación integral da instalación eléctrica.
- Exercicio 2014.- Cambio das ventás e da porta de acceso á terraza, emprazadas todas elas no salón de actos.

No exercicio 2015 está previsto o cambio das ventás da fachada interior do colexio, así como a substitución de todas as cortinas por screens de fibra de vidro, co fin de facilitar ao máximo a entrada de luz natural nas instalacións, ao considerar a luminosidade como un dos principais atractivos da nosa sede.

Todas e cada unha das obras desenvoltas nos últimos anos foron posibles grazas á colaboración financeira da Deputación Provincial de A Coruña, no marco das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades para investimentos de promoción económica de cada un dos exercicios sinalados.

Convén engadir ao anterior as obras de mellora acometidas pola comunidade de propietarios na terraza do local (ben común de uso privativo), que teñen representado unha notable mellora non só estrutural senón tamén estética, e que permite pensar neste espazo para albergar outras actividades do colexio.

6.4 *Enquisa de satisfacción.*

No segundo semestre do 2015 está previsto a confección e remisión aos Colexiados dunha enquisa de satisfacción, a fin de coñecer o parecer do colectivo acerca da marcha do Colexio.

En función da participación acadada, estudarase a posta en marcha doutras accións similares.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

6.5.- Renovación da páxina web.

Se ben o Cosital de A Coruña foi unha das primeiras organizacións colexiais en dispoñer de páxina web propia, o certo é que a día de hoxe non está a constituír unha ferramenta útil para o cumprimento dos fins para os que foi concebida.

Por iso, no segundo semestre do exercicio 2015, e sempre que a execución orzamentaria así o permita, estudarase a posibilidade de substituír a páxina actual por unha nova, que con toda probabilidade se adaptará ao formato implantado por outros Cosital e Galicia e de España.

6.6 1925-2015: conmemoración do 90 aniversario da constitución do Cosital de A Coruña.



O 28 de setembro de 1925 constituíase o “COLEXIO DO SECRETARIADO LOCAL DA PROVINCIA DE A CORUÑA”, mediante un acto solemne celebrado no salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de A Coruña.

Ao longo de todo este tempo, o noso colexio tense convertido no cuarto Cosital de España por número de colexiados, só por detrás de Barcelona, Madrid e Valencia, as tres provincias máis poboadas de España, e cun elevado número de municipios todas elas, moi superior ao da nosa provincia, tal e como reflicte o cadro inserido a continuación:

Número de colexiados/poboación:

		Nº colexiados	Poboación
1	Valencia	341	2.580.792
2	Madrid	279	6.498.560
3	Barcelona	260	5.552.050
4	A Coruña	207	1.143.911

Número de colexiados/número de municipios:

		Nº colexiados	Nº municipios
1	Valencia	341	266
2	Madrid	279	179
3	Barcelona	260	311
4	A Coruña	207	93

A pesar de que a provincia de A Coruña conta só con 93 municipios, a número de colexiados da nosa organización supera amplamente ao de provincias cun extenso mapa municipal como Burgos (371 municipios), Zaragoza (298), Lérica (231 municipios) ou Toledo (204 municipios), dato este que resulta se cadra máis elocuente á luz do carácter voluntario que para os habilitados nacionais tivo sempre a colexiación.

O 90 aniversario do Colexio constitúe un hito que, sen chegar aínda ao século, merece ser recordada. A xunta de goberno está a traballar na confección dun programa de actividades, que vos será achegado tan pronto estea rematado.



MEMORIA ANUAL DO COSITAL DE A CORUÑA. Exercicio 2014

7.PUBLICIDADE DA MEMORIA.

En cumprimento da normativa citada ao longo deste documento, a presente Memoria Anual, aprobada pola Asemblea, deberá facerse pública a través da páxina web do Colexio no primeiro semestre de cada ano.

Igualmente, o Colexio facilitará ao Consello Xeral a información precisa para que este elabore a Memoria Anual do conxunto do colectivo. Remitirase a tal efecto esta Memoria, sen prexuízo da información adicional que puidera serlle requirida.

En A Coruña, decembro de 2014.

O presidente de Cosital Coruña.

José Antonio Rueda de Valenzuela.